

A literatura xuvenil sempre se enfrenta ao prexuízo dos que pensan que está pensada para ser recomendada nos institutos, que non ten suficiente calidade.

En Galiza, a literatura xuvenil non é que estea discriminada, simplemente non existe. Os medios de comunicación danlle máis atención a calquera poemario dun autor de quinta fila que a un libro que venda moito ou a un autor recoñecido polos lectores. Por poñer un exemplo dramático, o escritor galego máis coñecido no Estado, que vende moitas de libros e que é adorado polos rapaces, Agustín Fernández Paz, apenas aparece nos xornais. E isto é profundamente inxusto. Hoxe en día, son os autores de literatura xuvenil os que mellor dominan as técnicas narrativas.

E a que se debe ese silenciamento?

Coido que a unha falta de visión sobre as necesidades do libro galego como industria. Unha literatura sen lectores non ten viabilidade e pensar que o mercado pode apostar só pola "suposta" obra de prestixio é unha andrómene. Só logrando ter beneficios na venda de certas obras se pode publicar teatro ou poesía. Como pasa en todos os sistemas literarios, cómpre unha literatura de masas que manteña as bases saneadas. A pesar de que as cifras de vendas así o significan, impónse a outra visión, esa que exemplifica Xosé Carlos Caneiro cando di que el non escribe para os institutos, que escribe para a eternidade. Pois eu digo o contrario, eu prefiro escribir para os institutos. Prefiro que os meus libros sirvan para que os mozos enreden cun libro escrito en galego que facer libros que os adolescentes ignoren. Ou é mellor para a saúde da nosa cultura que eses rapaces estean a escoitar a Jessica Simpson? Penso que non, se queremos sentar os alicerces dunha literatura galega normalizada, con lectores e importancia social, hai que recoñecerlle o valor a Xabier P. Docampo, por exemplo, que consegue que cada noite os rapaces se acheguen voluntariamente a un libro en galego. Con sinceridade, a min a eternidade que me colla morto, por favor.

Vostede reivindica que se creen máis premios de literatura xuvenil.

Penso que o premio 'Fundación Caixa Galicia' foi unha boa nova porque o 'Merlín' tiña un abano de idades demasiado amplo. E non se pode escribir igual para un neno de 11 anos que para un de 16. Ese deslinde beneficia a quen le e tamén a quen escribe. Cando te dirixes a adolescentes, podes utilizar outra linguaxe, achegarte a outros temas.

E varía moito o rexistro cando se dirixe a rapaces ou a adultos?

Cada vez menos. Ao mudaren os protagonistas, sempre mudaban o ton e o punto de vista. Pero doume conta de que os mozos poden entender argumentos complexos e fago ao

Jaureguizar

'Prefiro escribir para os institutos que para a eternidade'

CÉSAR LORENZO GIL

Santiago Jaureguizar (Bilbo, 1965) non para. Esta mesma semana presentou o seu novo libro, *Unha cabana na lúa* (Baía). Do xustamente anterior, *A Cova das Vacas Mortas* (Xerais), primeiro premio 'Fundación Caixa Galicia' de literatura xuvenil, xa se prepara unha segunda edición. Outros títulos seus, caso de *Salitre* (Xerais), están traducidos a varias linguas.



PACO VILABARRROS

contrario, aproveito a busca de limpeza no texto tamén cando escribo para adultos.

A *Cova das Vacas Mortas* lévanos a un rural bastante pouco explorado na literatura galega, con hippies, nazis escapados...

O rural do que fala o libro penso que é bastante real. De feito, algúns episodios como a expulsión dos hippies por parte dos veciños que marcharan cando a construción do salto, vivinos directamente. O que ocorre é que na nosa literatura mitificouse a

aldea, non se conta o que alí pasa senón o que xa pasou o ou o que nos gustaría que pasase.

Chama a atención que no libro, os responsábeis sexan os mozos e non os adultos, contra o tópicio imperante da xeración do botellón e o bullying.

É unha novela sobre a responsabilidade. O protagonista, Xael, ten que asumir responsabilidades por obrigación. Primeiro, tomar conta da vida propia porque ten unha nai que é un baldreu. Despois coidar de seu avó, que chega de Alemaña con

alzheimer. Pero tamén hai unha reflexión sobre a responsabilidade na arte. Tomando como exemplo a Leni Riefenstahl, formulei a pregunta sobre se é posíbel ser neutral en determinados momentos coa escusa da procura da excelencia artística.

Contodo, vostede non condena expresamente a Riefenstahl.

A miña opinión persoal non figura no libro. Non escribo para dar sermóns nin para dicirlles aos lectores o que teñen que pensar. Prefiro presentar os

temas dun xeito dialéctico. Que haxa unha postura favorable e outra en contra, que cadaquén presente os seus argumentos e que sexa o lector o que tire as súas propias conclusións. Nesta novela eu pregunto: é certo que Riefenstahl era neutral, que só facía arte a pesar de se rodear da xeración de políticos máis perversa da historia? Eu penso persoalmente que a súa defensa, esa xustificación de que ela non sabía de nada e que estaba a facer arte simplemente, non serve, que o artista non pode converterse na "cámara". É como aquela foto, que penso que gañou o premio Pulitzer, na que se ve un voutre que devora un neno. O fotógrafo dixo que el fixo o seu traballo, que era enfocar e rexistrar aquel instante. Eu penso que esa actitude é simplemente inhumana.

Neste libro volve aparecer Alemaña, como xa sucedera en *Cabaret Voltaire* (Galaxia).

Eu son moi xermanófilo. Admiro un país que considero que funciona moi ben e que está tan avanzado en moitos aspectos. E penso tamén en como unha cultura tan poderosa como a alemá foi quen de "suicidarse" culturalmente. Sempre explico isto cunha imaxe. Xustocando se produce a famosa queima de libros do 10 de maio do 1933, as principais mentes alemás, xenios das ciencias e das letras, abandonan o país e marchan para os EE UU. Non por casualidade, Alemaña deixa entón de ser o país máis adiantado do mundo e lle deixa o sitio ao país norteamericano.

Así que, seguro que está a ler algún libro alemán.

Non, dous ingleses, *A casa dos encontros* (Galaxia), de Martin Amis, e *Arthur e George* (Rinoceronte) de Julian Barnes. E teño encargado *Kafka à Beira-Mar* (Casa das Letras), de Haruki Murakami, que estou desexando que chegue de Portugal.

Así que é outro beneficiado do boom da tradución de novidades ao galego.

Levaba anos pedindo que se apostase pola tradución. E parece que agora empezamos a ter esperanza de que a literatura galega alcance de aquí a pouco a idade adulta. Os editores están arriscando moito e merecen ter resultados. Polo momento, parece que as cifras de vendas lles dan a razón. O esforzo de Galaxia, Rinoceronte, e tamén Xerais, paga a pena e oxalá que non fracase coma noutrora.

Hai quen di que a xeneralización das traducións vai facer máis difícil a publicación de autores galegos.

Non penso que os escritores de Galiza teñan que competir con Paul Auster e demais. Si é certo que se publican moitos libros, demasiados desde o meu punto de vista. Pero tampouco son ningún para crítico. Ao que ten que aspirar o noso mercado do libro é ao seu recoñecemento industrial para que todos o tomemos en serio: escritores, editores, críticos, medios de comunicación e lectores. ♦